XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I.A

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **AXUDAS DESTINADAS Á PREPARACIÓN E APLICACIÓN DOS PLANS DE PRODUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS E ASOCIACIÓNS DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS** | **PE155C** | **SOLICITUDE** |

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL | NIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

## DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Entidade solicitante ◯ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

## DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

## DATOS DO PLAN DE PRODUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN E DO INFORME ANUAL

| ANO | IMPORTE SEGUNDO O PLAN | IMPORTE SEGUNDO O INFORME |
|---|---|---|
| | | |

O FINANCIAMENTO DESTAS AXUDAS PROCEDE DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA NUN 75 % E DO ESTADO MEMBRO NUN 25 %

## A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas (incluídos préstamos subvencionados), declara o seguinte:

◯ Non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.

◯ Si solicitou e/ou obtivo outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan*:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) | DATA CONCESIÓN |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

* No caso de axudas concedidas, deberá achegar resolución da súa concesión no caso de axudas doutras administracións distintas da Xunta de Galicia.

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non ter pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións nin sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira.
4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Non ter cometido infracción grave:
   - ☐ da PPC definidas como tal en actos lexislativos do Parlamento europeo e do Consello.
   - ☐ do Regulamento (UE) nº 1005/2008 do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada e do Regulamento (UE) nº 1224/2009 do Consello polo que se establece un réxime comunitario de control; durante os 12 meses anteriores á data da presentación de solicitudes, se o operador ten nove puntos de infracción polas infraccións graves segundo o Regulamento (UE) nº 404/2011. Cada punto de infracción acumulado que se engada aos nove puntos de infracción polas infraccións graves segundo o Regulamento (UE) nº 404/2011, suporá un mes adicional de inadmisibilidade da axuda por punto acumulado.
6. No marco do FEP ou FEMP, non ter sido declarada culpable de cometer fraude, segundo a definición do artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas (DOUE serie C 316 do 27.11.1995).
7. Non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrada na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques involucrados na pesca INDNR ou de buques que nin estean nin estivesen nos últimos 12 meses enarborando o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.
8. Non ter cometido ningún dos delitos establecidos nos artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE, con carácter xeral serán inadmisibles as solicitudes presentadas por un operador que cometera un dos delitos recollidos no artigo 3 durante un período de 12 ou 24 meses en función de se foi cometido por neglixencia grave ou con dolo. No caso de delitos recollidos no artigo 4 da citada directiva, o período de inadmisibilidade será, con carácter xeral, de 24 meses.
9. Ter aprobados os seus plans de produción e comercialización en cumprimento dos obxectivos da OCM recollidos nos artigos 3 e 7 da OCM, e de acordo ao artigo 14 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.
10. Ter aprobados os informes anuais correspondentes ao exercicio dos plans de produción e comercialización indicados no punto anterior, de acordo co artigo 28, número 5, da OCM e ao artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.
11. Non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro das causas recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
12. Non ter sido sancionada coa imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V artigo 105.1.i) da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado e, de ser o caso, pola normativa das comunidades autónomas.
13. Que o valor e volume de vendas da OPP/AOP solicitante foron os seguintes:

| ANO(1) | VALOR DE VENDAS SEN IVE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA (€) | VALOR DE VENDAS SEN IVE FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (€) | VOLUME DE VENDAS (toneladas) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

(1) Deberase completar a información correspondente aos tres anos civís anteriores.

14. Que o valor da produción en primeira venda en euros e toneladas correspondentes ao ano 2017 é o seguinte:

| TIPO DE INDICADOR | DESCRICIÓN | VALOR (ano 2017) |
|---|---|---|
| Resultado | Valor en primeira venda nas organizacións/asociacións de produtores/as (miles €) | |
| | Volume en primeira venda nas organizacións/asociacións de produtores/as (toneladas) | |

15. Que en relación á vinculación con provedores/as e empresas vinculadas, segundo o establecido nos números 4 e 5 do artigo 6 desta orde e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

○ Non ten vinculación ningunha coas empresas que interveñen na execución das medidas do PPEC.

○ De existir vinculación, non se contravén o establecido no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e normativa que a complementa. As empresas vinculadas son as que a continuación se relacionan:

| DATOS DA EMPRESA VINCULADA | |
|---|---|
| NOME | NIF |
| | |
| | |
| | |
| | |

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Formulario de gastos subvencionables por medida. Anexo II.A
- ☐ Relación de xustificantes. Anexo III.A
- ☐ Memoria resumo. Anexo IV.A

Documentación complementaria

- ☐ Declaración doutras axudas solicitadas (incluíndo préstamos subvencionados), concedidas ou que se pretendan solicitar a calquera outra Administración pública, destinadas a subvencionar total ou parcialmente o proxecto para o cal se solicita a subvención. Esta declaración está incluída neste anexo na sección "a persoa representante declara". Deberá achegarse a resolución da axuda no caso de axudas doutras administracións distintas da Xunta de Galicia, de ser o caso.
- ☐ Cando o importe do gasto unitario supere a contía de 40.000 euros, no caso de execución de obras ou de 15.000 euros, no caso de subministración de bens ou prestacións de servizos, o/a beneficiario/a deberá achegar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores/as. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Exceptúase a presentación das tres ofertas no caso de tratarse de plans de produción e comercialización correspondente ao ano 2017.

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Poder suficiente da persoa representante no caso de que tal poder non figure nos estatutos | | | |
| ☐ Copia da escritura de constitución e estatutos da sociedade, así como as modificacións ulteriores debidamente inscritas no rexistro correspondente | | | |
| ☐ Certificado actualizado da declaración censual de alta en obrigas tributarias | | | |

Documentación complementaria de xustificación

- ☐ Xustificantes dos investimentos efectuados que consistirán, de forma xeral, nas facturas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizos) e nóminas, detalladas ao máximo posible
- ☐ Xustificantes das transferencias bancarias correspondentes aos pagamentos efectuados
- ☐ Documento coa descrición de funcións desenvolvidas do posto de traballo e relacionadas coas tarefas a desenvolver nas medidas que se inclúan nos plans de produción e comercialización
- ☐ Rexistro horario no que se inclúa o número de horas dedicadas á medida polo persoal que corresponda
- ☐ Xustificante do pagamento das correspondentes cargas sociais e retencións fiscais. Para iso, comprobaranse os documentos RNT (relación nominal de traballadores), RLC (recibo de liquidación de cotizacións) e o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF)
- ☐ Xustificante do pagamento das nóminas

## COMPROBACIÓN DE DATOS

**Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.**

- NIF da organización profesional solicitante
- DNI/NIE da persoa representante
- Resolución da axuda concedida para subvencionar total ou parcialmente o mesmo proxecto solicitado no caso de axudas concedidas pola Xunta de Galicia
- Informe acreditativo de non ter pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións emitido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga)
- Informe acreditativo de non ter sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira emitido pola unidade de sancións e reclamacións da Xefatura Territorial da Consellería do Mar
- Informe acreditativo de non estar en concurso de acredores -artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia- obtido a través do Rexistro Público Concursal do Ministerio de Xustiza
- Informe acreditativo de non ter cometido infracción grave da política pesqueira común, do Regulamento (UE) nº 1005/2008, do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (UE) nº 1224/2009, do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control emitido polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente
- Informe acreditativo de non ter sido declarada culpable de cometer fraude, no marco do FEP ou FEMP, obtido a través da base de datos do Ministerio de Xustiza e do sistema nacional de publicación de subvencións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas
- Informe acreditativo de non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrada na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR obtido a través da base de datos do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente
- Informe acreditativo de non ter cometido ningún dos delitos establecidos nos artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE, obtido a través da base de datos do Ministerio de Xustiza e do sistema nacional de publicación de subvencións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificación de estar ao corrente de pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social
- Certificación de estar ao corrente de pagamento coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga)

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación. |
| Finalidades do tratamento | A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Persoas destinatarias dos datos | As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. |
| Contacto delegado de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais |
| **Actualización normativa:** No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos. | |

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento (UE) 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) 1184/2006 e (CE) 1224/2009 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) 104/2000 do Consello.
- Regulamento de execución (UE) 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013, relativo aos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento (UE) nº 1379/2013.
- Regulamento (UE) 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a Política Pesqueira Común, polo que se modifican os regulamentos (CE) 1954/2003 e (CE) nº 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) 2371/2002 e (CE) 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello.
- Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) 2328/2003, (CE) 861/2006, (CE) 1198/2006 e (CE) 791/2007 do Consello.
- Recomendación da Comisión do 3 de marzo de 2014, relativa ao establecemento e aplicación dos plans de produción e comercialización.
- Real decreto 277/2016, do 24 de xuño polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo FEMP, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Orde do 6 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria, para o ano 2018, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, competitiva ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____